



Marcos Rojo Pérez proclámase Campión Provincial de Ourense de Caza de Arceas

O pasado 24 de novembro de 2007 tiña lugar no Tecor de Xinzo de Limia o Campionato Provincial de Ourense de Caza de Arceas, organizado pola FGC en Ourense en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia.

Participaban un total de 10 cazadores, entre os cales Marcos Rojo Pérez, da Sociedade Serra Martiña, proclamábase Campión Provincial ao abater dúas arceas. No segundo posto remataba José Carlos Otero Pérez, da Sociedade Pena Maior, quen abatía unha arcea; e no terceiro lugar, tamén cunha arcea cazada quedaba Jesús Feijoo Fariña, tamén da Sociedade Pena Maior.



CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cazador	Pezas Cazadas	Puntos
1º	Marcos Rojo Pérez	2 arceas	1000
2º	José Carlos Otero Pérez	1 arcea	500
3º	Jesús Feijoo Fariña	1 arcea	500
4º	José Luis Méndez Tesouro	0 (por sorteo)	0

Estes catro participantes representarán á provincia de Ourense no vindeiro Campionato Galego da modalidade.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com